

RESOLUCIÓN REITORAL, DO 4 DE MARZO DE 2021, POLA QUE SE CONVOCAN OS PREMIOS DE ENSAIO E BANDA DESEÑADA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

A Universidade de Vigo, a través da Área de Normalización Lingüística, convoca os Premios de ensaio e banda deseñada 2021. Esta convocatoria realízase ao abeiro do Convenio de colaboración vixente entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para a promoción da lingua galega, de acordo coas seguintes

BASES

1.º As modalidades que conforman os premios desta convocatoria son as seguintes: ensaio e banda deseñada.

2.º Poderán participar todos os membros da Universidade de Vigo. Porén, na modalidade de banda deseñada non poderá participar o profesorado que imparta docencia no Grao en Belas Artes.

Os orixinais deberán estar escritos en lingua galega de acordo coas Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega (NOMIG, 2003).

3.º Establécese un primeiro premio de 700 € e dous accésits de 250 € (contías ás que lles aplicarán as retencións legalmente establecidas) para cada unha das modalidades, ensaio e banda deseñada, que se lles outorgarán aos mellores traballos orixinais. Todos eles poderán declararse desertos a xuízo do xurado.

O financiamento destes premios será por conta da partida orzamentaria 2021 0000 421SNLI 484.99 de Normalización Lingüística.

4.º Os orixinais presentados nesta convocatoria deberán ser inéditos e non premiados noutro certame no momento da decisión do xurado ou estean pendentes de valoración doutro premio. Os autores/as ateranse ás seguintes normas para realizaren e presentaren os orixinais:

- Na modalidade de ensaio o tema será libre, cun mínimo de 2000 palabras e un máximo de 3000. Valorarase, nomeadamente, a reflexión e as achegas propias sustentadas na claridade e no rigor expositivo. Non se considerarán os artigos científicos nin os estados da cuestión sobre unha temática determinada.
- Na modalidade de banda deseñada as obras non poden estar publicadas total ou parcialmente en páxinas web ou redes sociais, libros electrónicos, revistas etc. Cada traballo presentado poderá ser escrito e debuxado por un máximo de dúas persoas autoras (unha como guionista e outra como debuxante). Dado que o certame se enmarca dentro do programa de dinamización da lingua galega, as obras deben estar escritas neste idioma. Por idéntico motivo, non se aceptarán obras mudas, ou aquelas nas que o uso de texto sexa marxinal, nin páxinas orixinais. Admítense traballos en branco e negro ou en cor cunha extensión mínima de 6 páxinas e máxima de 15, numeradas e con técnica libre.

5.º Os traballos presentaranse por quintuplicado. Na modalidade de ensaio, mecanografados a dobre espazo, en DIN-A4 con letra Times New Roman e corpo 12. Na modalidade de banda deseñada, as obras deben presentarse mediante unha impresión de



calidade a unha cara. En ambas as modalidades, os traballos deben acompañarse dun sobre aberto identificado cun lema e cun alcume elixidos polo autor/a e co nome da convocatoria (Premios de ensaio e banda deseñada 2021).

Así mesmo, dentro deste sobre, xunto cos traballos incluírase outro sobre identificado cos devanditos lema e alcume elixidos polo autor/a. Este conterá os datos persoais (nome, apelidos, copia do DNI, teléfono de contacto e enderezo electrónico) e o xustificante de rexistro de entrada; e logo pecharase. O xurado só o abrirá no caso de ser premiado. Non será válido o sobre interior que non conteña o citado xustificante de rexistro de entrada.

As propostas valoradas como merecedoras de premio de ensaio someteranse a un control antiplaxio previamente á resolución final. Para tal fin, solicitaráselles aos autores/as cuxas propostas sexan mellor valoradas o envío dunha copia electrónica do seu traballo.

6.º Os traballos presentaranse nos rexistros oficiais da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e dirixiranse á Área de Normalización Lingüística.

Para garantir o anonimato, os asentos no rexistro realizaranse especificando que se presenta unha obra aos Premios de ensaio e banda deseñada 2021 pero sen referirse ao lema e alcume.

O prazo de admisión de orixinais pechará ás 14.00 horas do 23 de xullo de 2021. Se o último día do prazo coincide un sábado ou un día inhábil na universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

7.º Os traballos premiados serán propiedade dos autores/as respectivos, agás a primeira edición, que publicará a Universidade de Vigo. En posteriores edicións, se as houber, deberá constar a súa condición de premiado na Universidade de Vigo.

8.º O xurado, presidido polo reitor ou persoa en quen delegue, estará integrado por persoas de recoñecida traxectoria nos ámbitos do ensaio e mais da banda deseñada.

A decisión será inapelable e a entrega dos devanditos premios terá lugar nun acto institucional da Universidade de Vigo.

9.º Os orixinais non premiados non se lles devolverán aos autores/as e destruíranse pasados dez días da resolución da convocatoria.

10.º A interpretación destas bases corresponderalle exclusivamente ao xurado. O feito de presentaren as súas obras supón a conformidade dos/as concorrentes con elas.

11.º A participación na presente convocatoria supón a aceptación das bases, que poderán ser interpretadas polo xurado e a Área de Normalización Lingüística nos aspectos non previstos nelas.

O reitor

Por delegación RR do 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)
A vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais
Mónica Valderrama Santomé
(asinado dixitalmente)

